

BRANDOMIL (SAN PEDRO)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema


Está situada na zona sueste do concello, no curso medio do río Xallas (case todo o seu territorio está na beira dereita deste río). Conta cunha extensión aproximada de 7,11 km², e establece os seus lindes polo leste cos concellos de Santa Comba (parroquias de San Xoán de Grixoa e San Cristovo de Mallón) e Mazaricos (San Cosme de Antes), polo norte e oeste con Muíño e polo sur con Brandañas. Con anterioridade á creación dos actuais concellos, esta parroquia pertencía á xurisdición señorial de Soneira. No tocante á administración eclesiástica, forma parte do arceprelado de Céltigos.

Os datos de que dispoñemos da súa evolución demográfica son os seguintes: 24 veciños (1607), 62 veciños (1753), 39 vec. e 260 hab. (1836), 496 hab. (c. 1928), 694 (1970), 539 hab. (1981), 426 hab. (1991), 368 hab. (2001), 326 hab. (2006), 288 hab. (2011), 278 (2014) e **263 (2015)**

Integran a freguesía os lugares de Acalabanda, Brandomil, A Lagoa, Limideiro, Padreiro, Pudenza e Quintáns.

Os habitantes das distintas aldeas ó longo do presente século foron os seguintes:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
BRANDOMIL	368	360	357	344	332	326	306	301	292	290	288	279	276	278	263
Brandomil	85	84	84	74	73	70	63	62	55	52	50	49	49	48	43
Acalabanda	5	5	7	6	6	6	6	6	6	5	5	5	5	5	5
Lagoa, A	11	11	11	11	11	14	14	14	13	12	12	12	11	14	14
Limideiro	74	71	70	70	59	56	54	50	50	50	50	47	46	47	41
Padreiro	28	28	29	28	28	27	27	27	26	26	26	25	25	25	24
Pudenza	139	134	128	126	126	125	116	116	117	120	121	118	118	116	114
Quintáns	26	27	28	29	29	28	26	26	25	25	24	23	22	23	22



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

A importancia da toponimia nesta parroquia: *Grandimirum*, a probable orixe etimolóxica de Brandomil

Tense discutido moito sobre a etimoloxía de Brandomil, ligado para Piel / Kremer (1976: 49 / 1) á antroponimia de filiación xermánica: procedería dunha forma non documentada **Brandemirus*, posible nome persoal (composto por *brand* 'espada' e *mereis*, latinizado *mirus* 'célebre'), cuxo xenitivo (**Brandemiri*) orixinaría a forma medieval *Brandimir*, predominante entre os séculos XII e XIV; a variante *Brandomil* acabaría prevalecendo na escrita a partir deste último século.

Non obstante, para o prestixioso filólogo latinista Abelardo Moralejo Laso, catedrático de latín da USC, aínda que nun principio chegara a considerar a aparente orixe xermánica do topónimo, despois de sometelo a un profundo estudo acabou por non ter a máis mínima dúbida da identificación de *Grandimirum* co actual Brandomil:

“se trata, creo, simplemente de un caso de confusión por equivalencia acústica de las consonantes iniciales *g-* y *b-*, pero con posible influencia de nombres ya germánicos en *brand-*, más de una disimilación entre *r – r* con influencia quizá también de otros topónimos en *-mil*. Es decir, que el antiguo compuesto que al parecer era *Grandimirum* pasó a ser el compuesto Brandomil, germánico aparente nada más. (Moralejo Laso; 1977: 234-237).

En tempos moi recentes, Paulo Martínez Lema, na súa tese de doutoramento sobre *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*, do ano 2010, móstrase partidario da orixe prelatina do topónimo e dá por boa a proposta de Moralejo Lasso, consistente nunha continuidade etimolóxica entre as formas *Grandimiro* e Brandomil, para o que foi precisa a interacción de fenómenos fonéticos característicos da gramática histórica galega (como o paso do *g-* inicial a *b-*) con elementos lingüísticos de filiación xermánica.

Pero para este investigador aínda hai máis razoamentos que apoian a hipótese de que Brandomil procede de *Grandimirum* ou *Glandomiron*: a propia constitución lingüística e o significado remoto deste topónimo. As hipóteses máis recentes tenden a interpretalo como un composto hidrotponímico de filiación indoeuropea: o seu primeiro compoñente procedería do céltico **glannos* 'beira dun río' e o segundo dunha posible forma indoeuropea **meiros* 'mol, suave'.

O último dos estudos toponímicos realizados, o de Fernando Cabeza Quiles (*A toponimia celta en Galicia*, 2014), apoia sen paliativos a explicación que dera Moralejo Laso en 1977, e tamén, aínda que non o cita, a de Martínez Lema no 2010.

“Aínda que non sexa completamente seguro, a forma deste antigo nome de lugar fainos pensar, coidamos que con moitas posibilidades de acertar, nunha orixe celta. Así, malia sernos transmitido a través de linguas e fontes latinas e gregas, o nome de *Glandimiro* podería contar as palabras do celta antigo **glan* ou **gland*, 'ribeira de río, ourela, borde orográfico, outeiro, caeira, linde, estreito' e **miro* ou **mir* 'auga, río' (...) [Cabeza Quiles; 2014: 313].

Dous castros romanizados que protexían as minas de ouro e de estaño

O lugar de Brandomil, situado na beira dereita do río Xallas, esténdese ó norte dun antigo castro e dunha ponte medieval de pedra de catro arcos. Antigamente o vello camiño ou calzada que saía desta ponte tiña que virar cara ó norte pola beira do río para entrar na aldea mesmo ó carón da igrexa parroquial de San Pedro, o primeiro dos edificios construídos ó norte do castro e da ponte. A mediados dos anos corenta do séc. XX, con motivo da apertura da nova estrada de Negreira a Berdoias, constrúese de formigón unha nova ponte uns metros máis arriba, pero ata esa data carros de vacas a autobuses pasaban por esta antiquísima ponte.

Pero xa desde a prehistoria Brandomil estivo habitado: queda aínda ó lado do río Xallas a forma circular e as defensas dun castro romanizado (*o castro de Brandomil*), situado ó sur da igrexa parroquial e ó SO da vella ponte. Augas arriba do río houbo outro castro, o *Castro de Atrás*, e na outra banda outro máis, o de Aquelabanda. Posiblemente esta antiga poboación se formara neste estratéxico lugar para a vixilancia e explotación das ricas minas de ouro e de estaño que sen dúbida houbo por esta zona. O castro de Brandomil, un castro de chaira coma o das Barreiras de Vimianzo e outros da Terra de Soneira e da comarca de Xallas, foi posiblemente unha aldea mineira dedicada por enteiro no Baixo Imperio Romano ás explotacións auríferas ou estanníferas do Pozo Limideiro (da propia freguesía) ou de Vilarcovo (da veciña Brandoñas). Nestes lugares atopáronse restos de cerámica e de tégalas.

Seguramente estas explotacións auríferas xa quedaron esgotadas na época romana, pois a finais do séc. XIX unha empresa inglesa -*Montes de Oro*- investiu infrutuosamente millón e medio de pesetas da época buscando



A lagoa do Pozo Limideiro, formada onde posiblemente estiveron as minas romanas (foto Xosé M^a Lema [XMLS], 2015)



Interior do castro de Brandomil, seguindo o perímetro da muralla (foto Evaristo Domínguez Rial [EDRI], febreiro 1994)

nestas parroquias da beira dereita do Xallas o ouro que hipoteticamente deixaran de extraer os romanos; parece ser que por cuestións administrativas a empresa non seguiu co negocio e tivo que malvender a maquinaria que adquirira. Anos máis tarde, xa a principios do séc. XX, aparecería outra empresa -chamada *Eureka*- que tentou explotar o monte Foxos de Vila, en Meanos, pero de novo certas cuestións administrativas impediron que continuase a explotación.

A vía XX ‘per loca maritima’ do Itinerario de Antonino ó seu paso por Brandomil

A vía romana XX do chamado Itinerario de Antonino (séc III) unía as cidades galaico-romanas de Braccara Augusta e Asturica Augusta, pero non directamente, senón por un trazado achegado á costa (de aí o de *per loca maritima*). A ruta deste trazado é un dos asuntos máis discutidos polos historiadores da nosa Idade Antiga.

Isto é o que di a fonte orixinal das mansións e do itinerario da vía XX:

Item per loca maritima a Bracara Asturicam usque: Aquis Celenis m.p. CLXV, Vico Spacorum st. CXCIV, Ad Duos Pontes st. CL, Glandimiro st. CLXXX, Atricondo m.p. XXII, Brigantium m.p. XXX, Caranico m.p. XVIII, Luco Augusti m.p. XVII.

A non ser *Aquis Celenis* –que parece probada a súa identificación con Caldas de Reis- a situación das outras mansións intermedias (*Vico Spacorum*, *Ad Duos Pontes*, *Glandimiro*, *Atricondo*) varía segundo as moi variadas propostas de trazado. Mesmo non hai un acordo total na situación da mansión de *Brigantium*.

A situación da mansión *Glandimiro* -ou *Grandimiro*, *Glandomiron* (nome que lle dá Ptolomeo), ou mesmo *Glandimarium* (variante do Anónimo de Rávena)-, malia que desde tempos moi antigos se vén identificando con Brandomil, hoxe en día aínda é obxecto de discusión, pois aínda non hai ningunha proba definitiva, nin a favor nin en contra.

Na opinión de **A. Moralejo Laso**, a non aceptación de *Glandimiro* como Brandomil debeu ser motivada por se ter intentado a reconstrución da vía ‘per loca maritima’ levándoa desde a desembocadura do Miño entre Caminha e A Guarda a pasar por Vigo e Pontevedra (identificadas, respectivamente con *Vico Spacorum* e *Ad Duos Pontes*), “para lo cual hubo que poner la mansión de *Aquis Celenis*, primera mencionada desde Braga, en el paso del Miño, pero con el nombre supuesto además de *Aquis Baenis*, fundado en el *Baenis* que da Estrabón al río, para evitar la duplicidad, o bien alterar el orden de esta mansión respecto de las dos siguientes y antes citadas, o suponer algún otro error de grafía o de lectura” (Moralejo Laso; 1977: 235).

Deste xeito, acabábase poñendo *Glandimiro* na desembocadura do río Ulla, preto das Torres de Oeste ou na ría de Arousa (Cartomil), ou noutros sitios que non podían cadrar ben coas distancias a *Brigantium*.

No baixo Ulla, pero en Pontecesures, situou *Glandimiro* os investigadores **Dulce Estefanía Álvarez** (1960) e **Roldán Hervás** (1975). Tamén se ten situado no Ulla medio, en Pontevea. A principios do século actual houbo un cambio radical, pois pasouse a un lugar ben afastado de todos os anteriores: a Carballo (**Franco Maside**, 2001; **Pérez Losada**, 2002).

As discrepancias veñen polos distintos criterios á hora de establecer as distancias entre as mansións do Itinerario. Os que sitúan *Glandimiro* en Pontecesures tamén, sitúan *Brigantium* en Betanzos e non na Coruña, como hoxe está practicamente aceptado, e non falta que leva esta mansión ó

interior, identificándoa co campamento romano de Ciadella (Sobrado dos Monxes).

A continuación expoñemos as distintas teorías sobre o trazado da vía XX ‘per loca maritima’ do Itinerario de Antonino, advertindo que non hai probas definitivas e determinantes para ningunha delas. Seguiremos a **F. Pérez Losada** (2002: 297-302) nos aspectos fundamentais.

Tal como afirma este investigador, a **función viaria** de Brandomil é sen dúbida a máis salientable, evidenciada pola existencia de miliarios, dunha ara ós Lares Viales (deuses dos viaxeiros) e dunha ponte moi antiga sobre o río Xallas. Este investigador afirma que está fóra de toda dúbida que a **vía principal (XX)** do Itinerario (“sen dúbida a ruta de trazado máis discutido e controvertido de todo o repertorio viario galaico”) pasaba polo actual Brandomil.

O historiador **Antonio López Ferreiro**, en 1898, foi un dos que defenderon a identificación de *Glandimiro* co actual Brandomil, especialmente pola cantidade de restos romanos que xa por aquela época se atoparon na parroquia e na redonda (inscricións, fustes de columnas, ladrillos, vasos de vidro etc.) sen que nunca se fixeran escavacións. O prestixioso cóengo compostelán deixou establecido que a mansión *Aquis Celenis* das dúas vías (XIX e XX) é a mesma e que estaba en Caldas de Reis. Isto hoxe parece ser aceptado por todos. Considera que a orde dada para as mansións polo Itinerario era a correcta e que, de acordo con isto, fai nacer a vía XX en Caldas, levándoa pola costa, na cal localiza todas as mansións. Na súa opinión, o Itinerario prescindiu das catro peimeiras mansións –por seren as mesmas que a outra (a XIX)- e empezou a contar desde *Aquis Celenis* (Caldas). A vía XX apartábase da XIX en Bemil (a 3 km de Caldas) e atravesaba o río Ulla polas Torres de Oeste e logo o Tambre pola súa desembocadura. Entres estes dous ríos debían estar as mansións de *Vico Spacorum* e *Ad Duos Pontes*, esta preto de Noia. Desde alí a vía ascendería cara ó NE pola marxe esquerda do Tambre ata atravesar o río fronte ó lugar da Gándara (entre Gonte e Negreira), pola mítica ponte de Ons da tradición xacobeá. Iría despois cara ó NO pola Val de Barcala ata *Glandimiro* (Brandomil), onde se acada o punto máis occidental da vía, pois de repente esta vira en ángulo agudo cara ó leste para volver achegarse ó Tambre na mansión *Atricondo* encamiñándose logo directamente cara a *Brigantium* (A Coruña) [citado por Pérez Losada; 2002: 299].

Xosé Luís Vázquez Gómez (1991) coincide con López Ferreiro no tramo final (identifica Brandomil con *Glandimiro* e Trigunde en Trazo con *Atricondo*), coa novidade de que identifica *Brigantium* con Ciadella (Sobrado).

Para **Rodríguez Colmenero** (1992), *Vico Spacorum* e *Ad Duos Pontes* son dous portos costeiros do Barbanza e sitúa *Glandimiro* en Noia.

José M. Caamaño Gesto e **Juan Naveiro** (1992: 215-218) aceptan o trazado proposto por López Ferreiro entre *Glandimiro* –que identifican con Brandomil- e *Brigantium* (A Coruña). Baséanse, en primeiro lugar, nas distancias do Itinerario, que se cumpren á perfección facendo a medición desde *Brigantium* (A Coruña); en segundo lugar pola toponimia e, finalmente, polos abundantes restos arqueolóxicos da parroquia e da súa redonda, en especial, os tres miliarios atopados en Brandomil –o de Galerio (305-311 d.C.)-, o de Santa Comba e o de Vilaño (A Laracha).

Procedente da mansión de *Ad Duos Pontes* (para eles, parroquia de Sta. Cristina de Barro-Noia) a vía seguiría o curso do Tambre e atravesaría despois o Val de Barcala e a Terra de Xallas ata chegar a *Glandimiro* (Brandomil), onde se atravesaría o río Xallas por unha ponte. Da mansión de *Ad Duos Pontes* á de *Glandimiro* habería unha distancia de 180 estadios (33 kms). Desde Brandomil a vía viraría cara ó nordeste, en dirección a *Brigantium* (A Coruña): iría polos altiplanos xalleiros: Armán, San Xoán de Grixoa, Vilar de Céltigos, zona leste de Busto, Arantón, Rieiro, Padreiro, Vilardante (oeste de Castriz), Outeiro e Boaña de Abaixo, para despois ir paralela á actual estrada de Santa Comba a Coristanco, coa que enlaza no km. 11 antes de Salgueiras; a partir deste lugar, en liña recta, coincide con esta estrada ata pasar a lagoa de Alcaíán, na que empeza o descenso cara a Seavía (Coristanco). Pola zona da lagoa de Alcaíán



habería que situar a mansión de *Atricondo*. Despois a vía iría en dirección ós antigos Baños de Carballo, desde onde se dirixiría á Coruña coincidindo no trazado coa actual estrada xeral, e desde *Brigantium* a *Lucus Augusti* (Lugo) e *Asturica Augusta* (Astorga) [Caamaño Gesto/Naveiro López; 1992: 215-218].


José M. Caamaño, na entrada “Glandimiro” da *Gran Enciclopedia Gallega* (tomo 16: p.109), aínda que admite que resulta arriscado decidirse pola localización definitiva da mansión *Glandimiro*, critica a opción doutros autores de situala en Pontecesures, debido a que intentarían a reconstrución da vía levándoa á desembocadura do Miño por Vigo (identificado coa mansión *Vico Spacorum*) e Pontevedra (identificada con *Ad Duos Pontes*), para o cal tiveran que situar *Aquis Celenis* na desembocadura do Miño, pero co nome de *Aquis Baenis*, tomado do que Estrabón da a este río, *Baenis*.

Rosa M^a Franco Maside (2000 e 2001) propuxo un itinerario alternativo da vía XX a partir de Caldas: seguiría na dirección S-N pola Depresión Meridiana ata Carballo (onde sitúa a mansión *Glandimiro*), localizándose no camiño as mansións de *Vico Spacorum* (para ela Santiago) e *Ad Duos Pontes* (para ela Portomouro). Desde Carballo, a vía viraría bruscamente cara ó E. e SE., dirixíndose directamente a Lugo (*Lucus*) por Abegondo (mansión *Atricondo*) e Sobrado dos Monxes (para ela o campamento de Ciadella sería a mansión *Brigantium*). Basea o seu razoamento na distancia que, segundo o Itinerario de Antonino, existía entre *Brigantium* e *Lucus Augusti*, uns 50 km, aproximadamente a metade dos que en realidade hai entre as actuais A Coruña e Lugo. Fai tamén unha análise polo miúdo das vías naturais de comunicación e estuda os itinerarios da antigüidade e da Idade Media; non obstante, achega escasas probas arqueolóxicas que proben a existencia deste itinerario.

Segundo esta investigadora, o trazado ó norte do Tambre da citada vía discorrería por Portomouro, San Pedro de Vilariño, Santiago de Buxán, Niveiro, Erviño, Anxeriz, percorrendo o Val do Dubra desde o alto, dominando visualmente. Desde Anxeriz, divisoria dos ríos Dubra e Anllóns, seguiría por Pispeiro, Alborís, Portocovo e Meixonfrío, e despois por Entrecruces e Rus ata a vila de Carballo, cruzando o río Anllóns, e entre este e o seu afluente Rego da Balsa situaríase a mansión *Glandimiro* (Franco Maside; 2001: 217-248).

Fermín Pérez Losada (2002: 299-302) considera que para restituír o trazado orixinario da vía hai que partir dos testemuños probatorios directos, “ou sexa, os aglomerados romanos importantes e viarios que debería comunicar (Caldas / Brandomil / A Coruña) e, especialmente, a presenza/ausencia de miliarios. Neste sentido, non temos dúbida de que a vía vai entre Brandomil e Coruña polo percorrido proposto por Caamaño e Naveiro, balizado por alomenos tres miliarios (Brandomil, Sta. Comba e Vilaño)”.

Mais, ante a ausencia de miliarios, o investigador propón dúas importantes modificacións ó percorrido proposto no seu día por López Ferreiro e despois Caamaño/Naveiro: unha ligazón directa entre Ponte Beluso e Barro (Noia) sen ter que atravesar a xa abrupta Serra do Barbanza -e máis polo sitio máis esgrevio- para chegar a Baroña; e outra unión máis directa entre Barro e



Brandomil polo val do río Donas (afluente do Tambre) e o altiplano das Maroñas (Mazaricos). Con esta nova proposta as distancias parecen cadrar mellor coas contidas no Itinerario de Antonino. O problema da distancia “aparentemente infranqueable” entre A Coruña e Lugo –aducida por Franco Maside- resólveo considerando que é posible que se trate dun erro, nada infrecuente nos datos dos Itinerarios, e aventura que as mansións de *Atricondo* e *Brigantium* están intercambiadas de posición; deste xeito, a vía XX estaría dotada dunha perfecta precisión mensuatoria e tería no seu conxunto unha asombrosa a coincidencia cos datos arqueolóxicos (Pérez Losada; 2002: 118 e 301).

De se aceptar a hipótese deste investigador, tamén habería que volver situar as mansións neste treito: *Vico Spacorum* sería Barro (Noia), Brandomil sería *Ad Duos Pontes* e Carballo sería *Glandimiro*.

Pérez Losada admite que o cambio máis radical desta súa proposta é sen dúbida o de Brandomil, identificado con *Glandimiro* desde os decimonónicos Pedro Rodríguez e López Ferreiro ata os máis modernos Barreiro Barral, F. Acuña, I. Millán, Xan Vázquez, X.M. Caamaño e J. Naveiro “con base en erróneas medicións miliarias ou ben en dubidosos argumentos toponímicos (Pérez Losada; 2002: 301). Os argumentos toponímicos –engadimos nós- xa non son tan dubidosos, polo que expuxemos anteriormente, pois os estudos máis recentes proban pola evolución histórica do latín ó galego que é posible o paso de *Glandimiro* a Brandomil.

Suponse que o Brandomil romano foi tamén un pequeno nó de comunicación viario, e do lugar sairía unha vía comarcal cara ó oeste –antigo camiño de Padreiro- que primeiro comunicaría coas minas auríferas (Vilarcovo, Limideiro) e despois a costa muxiá e fisterrá.

Importantes restos arqueolóxicos romanos nos eidos brandomilenses

Xa sexa a mansión *Glandimiro* –como opina a maioría dos investigadores-, xa *Ad Duos Pontes* ou outra mansión, o certo é que en Brandomil houbo un importante asentamento durante o Imperio Romano, e non tan só un “pequeno aglomerado secundario”, como pensaba Pérez Losada no ano 2002, de tan só 2 ha., pois, grazas ás prospeccións e ás escavacións do proxecto ‘Vías Atlánticas 2007’ de Juan Naveiro, descubriuse que o asentamento chega ás 25 ha, co cal “Brandomil se presenta como uno de los asentamientos **más importantes** en la provincia de A Coruña, tras la propia Coruña, Iria/Padrón y Ciadella (Naveiro 2008). A cousa cambia..., desde logo, e para ben.


Fagamos un pouco de **historia do xacemento**, para despois comentar os cambios positivos na súa valoración tras as escavacións de Naveiro do 20-11-2007 ó 18-01-2008.

Para iso seguimos a Pérez Losada (2002: 292-297):

O xacemento arqueolóxico brandomilense consta dun poboado castrexo e dun hábitat romano. En realidade hai outros dous castros máis, pero o propio de Brandomil (Rodríguez Rodríguez; 1883: 169 / Agrafoxo Pérez; 1989: 165-179) está situado ó sur do lugar na beira dereita do río Xallas e fronte á ponte vella. É un dos chamados “castros agrícolas” ou “castro de chaira”, de pequeno tamaño (unha hectárea), cun único recinto circular, protexido por un parapeto de terra e un moderado desnivel cara ó río (uns 15 m). Nunca se escavou e non se coñecen achados materiais; polo tanto, non se lle pode adxudicar unha cronoloxía segura.

O asentamento romano localízase ó norte do castro baixo a actual aldea de Brandomil e terras inmediatas ás casas. Os vellos do lugar contan que nesta área é moi difícil atopar o firme para facer unha casa; dicía un canteiro que nunha obra tiveron que afondar tres metros sen que desen atopado o firme, pero si en cambio unha chea de pedras traballadas, que volveron utilizar na cementación. Xa a finais do séc. XIX chamaba a atención a cantidade de estruturas e/ou materiais romanos que se atopaban ó facer o máis mínimo movemento de terras:

“En estas y á cada paso, y sin profundizar más que lo necesario á las diversas operaciones de cultivo, descubre el hierro agricultor ladrillos de grandes dimensiones, trozos de columnas, capiteles rotos y otra multitud de piezas labradas. Encuéntranse también paredes formadas solo de ladrillo argamasado. No hay más que examinar los cobertizos ó alpendres que los labradores suelen en estas comarcas construir á la entrada de sus viviendas, para encontrarse con corpulentas columnas de granito finamente cinceladas, con sus capiteles de orden conocidamente romano” (Rodríguez Rodríguez; 1883: 169).



“El urbanismo de Grandimirum yace sepultado bajo las leiras y robledas de Brandomil, y con frecuencia al labrar las tierras son halladas y extraídas bien labradas piezas de cantería que los halladores aprovechan por razón de que las canteras de granito quedan distanciadísimas. Por eso las lareiras y las columnas que en muchas casas sostienen las chimeneas, son piezas de cantería que un día formaron parte de una edificación roman”. (Barreiro Barral; 1972).

Estes relatos de épocas ben dispares dan idea do importante número de construcións romanas que revelan un considerable nivel de romanidade construtiva, denotado polos elementos arquitectónicos “cultos” (basas, capiteis, fustes) e tamén un posible pavimento dun mosaico citado por Acuña Castroviejo (1973: 17). Ademais disto faise mención de “ladrillos de grandes dimensións”, “paredes formadas de ladrillo argamasado” ou ben de “grandes masas de cemento”, o que indica que puido haber algunha construción de tipo termal.

En tempos máis achegados a nós, o catedrático de linguas clásicas Isidoro Millán narra o que atopou na horta anexa á casa do médico Francisco Vidal Oreiro:

“Al realizarse en ella remociones y ahondamientos del terreno, se encontraron muros de construcciones antiguas, parte de las cuales subsistirán soterrados. A mi mismo me fue dado observar, en la visita del 31 de Julio de 1979, en la fachada posterior de la casa, descubierto bajo una de las paredes externas, un trozo de muro subyacente, de mampuesto o cachotes, y recogí algún fragmento de tégula en sus inmediaciones” (Millán González-Pardo; 1981: 47).

No ano 1986 Fermín Pérez Losada fixo unha serie de prospeccións e rexistrou a presenza de elementos arquitectónicos importantes –un capitel xónico, tres bases ou capiteis toscanos, dous

fustes lisos de columnas-, cinco muíños circulares, tégulas dispersas polas leiras do SO, ladrillos, escouras de ferro de fundición etc. Como novidade, o achado de estruturas construtivas in situ na paraxe denominada Pedra do Altar, onde a tradición popular estima que estivo a primitiva igrexa parroquial.

No *Corpus de inscricións romanas de Galicia. I. Provincia da Coruña*, que baixo a dirección de G. Pereira Menaut publicou o Consello da Cultura Galega en 1991, Brandomil ocupa un destacado lugar pola importancia arqueolóxica pola súa rica epigrafía: pedras con letras gravadas encontradas no seu subsolo. Tres aras votivas, un frontón funerario, unha placa e unha estela funerarias. Analizados estes testemuños epigráficos, os especialistas pensan que aquí habitou **un núcleo de poboación procedente de fóra da antiga Gallaecia**: é dicir, un grupo de inmigrantes (¿chegados para a explotación das minas?). Ningunha das inscricións se pode datar antes do séc. II. A onomástica é latina, nalgúns casos única na península Ibérica, incluso moi escasa no Imperio Romano; outros nomes son gregos (así mesmo, moi escasos na Gallaecia); as inscricións funerarias non teñen carácter indíxena.


As tres aras votivas de granito

A primeira delas, a chamada **Ara votiva de Coso** (a nº 39 do *Corpus de Inscricións Romanas de Galicia-I* [CIRG-I]) atopouse contra 1880 en Brandomil e foi reutilizada como material de construción nunha bufarda dunha casa situada “frente al crucero parroquial” (Rodríguez Rodríguez; 1883: 169). Antes os seus donos atopáranos na aira. Anos despois figurou na Exposición Arqueolóxica de Santiago, en 1909. Actualmente consérvase no Museo da Catedral de Santiago. Mide 35 cm de alto x 25 de ancho x 13 de grosor.

No seu día cortouse e alisouse pola parte superior, desaparecendo a cornixa. Nas liñas seguintes lese, de arriba a abaixo:

COSO M[arcus]
VEGETIA-
NUS FUS-
CUS V[otum] S[olvit]

Trátase dunha ara votiva ó deus Coso (deus indíxena da guerra) ofrecida por un tal *Marcus Vegetianus Fuscus*, o primeiro veciño de Grandimirum/Brandomil do que temos noticia. O cognome *Vegetianus*, aquí utilizado como xentilicio, é moi escaso en todo o Imperio Romano (Pereira Menaut; 1991: 111). A coidada feitura das letras indica un contexto moi romanizado (Naveiro; 2008).



Ara ó deus Coso (nº 39 do CIRG-I)
[Museo da Catedral de Santiago]

A segunda ara, a **Ara votiva ós Lares Viales** (a nº 41 do CIRG-I) atopouse en Brandomil pouco antes de 1885 reutilizada como material de construción da casa reitoral, encaixada na cociña. En maio de 1885 o Boletín de la Real Academia de la Historia (Madrid) publicaba o achado, atribuíndollo a “nuestro sabio corresponsal D. Antonio López Ferreiro”. O cóengo e historiador compostelán fixera xa daquela unha lectura correcta da inscrición, aínda que faltaba a primeira liña, quizais por estar encravada a peza na parede (Santos Fernández; 2012: 416). A peza seguramente figurou na Exposición Arqueolóxica de Santiago de 1909, e tamén foi depositada no Museo da Catedral, onde se conserva. Medidas: 81 x 34-28 x 13 cm. Aínda que a primeira liña de texto (parte superior) está bastante desgastada, pódese ler sen dificultade o seguinte:


LARIBUS
[V]IALIBUS
DENTON-
IUS VERE-
CUNDUS
V[otum] S[olvit] L[ibens] A[nimo]

As letras tamén son de boa feitura. Trátase dunha ara dedicada ós deuses Lares Viales por un tal *Dentonius Verecundus*, o segundo veciño brandomilés de nome coñecido (este xentilicio, *Verecundus*, aparece por vez primeira na península Ibérica nesta inscrición) [Pereira Menaut; 1991: 115]. A presenza do culto ós Lares Viales –deuses protectores dos viaxeiros– é propia dos lugares onde había unha *mansio* viaria (Pereira Menaut; 1991: 223).


A terceira das aras, a **Ara votiva á deusa Fortuna** (nº 40 do CIRG-I) apareceu en 1955 utilizada como material de construción na casa de Francisco Vidal Oreiro, ó levantar o piso do portal para cambiar o pavimento (Millán González-Pardo; 1981: 47). Hoxe atópase no xardín desta casa. Conserva a base e a cornixa por todos os lados; a cornixa ten dous boceis debaixo do entaboamento. Mide 40 cm (alto) x 22-19 (ancho) x 13-10 (groso). A inscrición di o seguinte:

FONTUN-
AE M[arcus] **SE**[mpronius?]
AGATON
EX V[oto]

Un tal *Marcus Se[mpronius?] Agaton* –o terceiro veciño brandomilés de nome coñecido– dedícalle esta ara á deusa Fortuna (a deusa da sorte, boa ou mala). Por ser *Agat[h]on* un cognome



Ara ós deuses Lares Viales, de Dentonius Verecundius (nº 41 do CIRG-I) [Museo da Catedral de Santiago]



Ara á deusa Fortuna de Marcus S. Agaton (nº 40 do CIRG-I) [Casa Vidal Oreiro, Brandomil]

grego, o dedicante desta inscrición era seguramente un escravo liberto. *Agathon* é frecuente nas inscricións do Imperio Romano, pero esta é a única inscrición que aparece no Convento Lucense da Gallaecia (Pereira Menaut; 1991: 113).



Ara á deusa Fortuna no xardín da casa Vidal Oreiro (Brandomil) [foto XMLS, 1995]



A ara da deusa Fortuna na actualidade

Frontón dun monumento funerario

Esta peza (nº 42 do CIRG-I) volvérase utilizar como material de construción nunha ventá da casa reitoral de Brandomil; ó ser destruída esta casa, en data posterior trasladouse ás dependencias municipais xunto á igrexa parroquial, onde se conserva. Mide 66 cm de alto x 130 de ancho (conservado 115) x 20 de groso, e está bordeado por unha moldura voluminosa, rota abaixo á dereita, o que ocasionou a falta da última liña do texto:

D[iis] M[anibus] S[acrum]
FABRICIUS
SATURNINUS



Frontón funerario ós deuses Manes, do rapaz Fabricius Saturninus (nº 42 do CIRG-I) [Igrexa parroquial de Brandomil]

AN[norum] XV H[ic] S[itus]* ES[t]

*S[epultus], para Pérez Losada (2002) e Naveiro López (2008).

Os pais de *Fabricius Saturninus* –o primeiro adolescente coñecido de Brandomil, de tan só 15 anos- encoméndano na súa tumba á protección dos sagrados deuses Manes (as almas dos defuntos familiares). Considérase que este frontón formaba parte dun importante monumento funerario, relacionable con modelos clásicos de certa categoría. A súa forma e a onomástica –esta é a única mención do xentilicio do defunto (*Saturninus*) no Convento Lucense galaico- fan pensar que posiblemente o neno defunto era fillo dunha familia procedente de fóra da Gallaecia (Pereira Menaut; 1991: 117-118 e 223).

Placa funeraria de granito

Esta peza de forma rectangular (nº 43 do CIRG-I) atópase moi estragada, pola mala calidade do granito. Apareceu preto da ponte vella de Brandomil nos anos 20 ou 30 do séc. XX (Bouza Brey; 1939: 194), e consérvase no Museo da Catedral de Santiago. Medidas: 61 x 48 x 9 cm.

No tocante ó texto da inscrición, esta é a máis aceptada (hai outras):

D[iis] M[anibus] S[acrum]
DOMIT[i]A[e]
PUS[i]NCA[e]
AN[norum] XXX
VAL[erius] DADUC-
HUS UX[ori] ME[ritissimae]

A defunta, *Domitia* (*Domitila* para outras interpretacións) *Pusinca* (*Pusnuca* para outros), esposa moi distinguida (amantísima, para outros), falecida ós 30 anos, é encomendada ós deuses Manes sagrados polo seu esposo *Valerius Daduchus*.

En todo caso, *Domitia Pusinca* é a primeira muller veciña de Brandomil de nome coñecido. O cognome *Pusinca* é ben coñecido en todo o Imperio Romana e na península Ibérica, e aparece en lugares moi romanizados. O cognome grego *Daduchus* é coñecido no Imperio, pero non na península Ibérica (este é o único lugar onde aparece), de aí que se considere que o dedicante *Valerius Daduchus* era un liberto (Pereira Menaut; 1991: 119-120 e 225).



Placa funeraria ós deuses Manes, de Domitia Pusinca (nº 43 do CIRG-I) [Museo da Catedral de Santiago]

A estela funeraria de granito de San Cosme de Antes

Esta peza (nº 44 do CIRG-I) dise erroneamente que “apareceu nos anos 1970 en Brandomil, onde foi utilizada como material de construción (Pereira Menaut (1991: 121). O certo é que se atopou na veciña parroquia de San Cosme de Antes (Mazaricos) como lintel dun alpendre situado ó lado da igrexa parroquial (Acuña Castroviejo / Casal García; 1981: 273). O párroco e un mestre do colexio dérona a coñecer en 1980. Nunha visita que fixemos pouco antes do ano 2000 ó lugar onde aínda hoxe se atopa, nunha dependencia situada ó lado da igrexa de San Cosme, unha señora de idade madura asegurounos que a peza levaba naquel lugar máis de 40 anos, e antes estivera na porta do galiñeiro da casa reitoral desta freguesía.


Aínda que a distancia entre Antes e Brandomil é de tan só 2,5 km, sería interesante indagar a verdadeira procedencia desta xa famosa estela de considerable altura (215 cm -a maior parte das estelas romanas non chegan a 1 m-), de anchura (50 cm) e grosor (15 cm) normais. Está rota pola parte superior, á dereita, aínda se pode recoñecer a súa primitiva forma arredondada. Pola parte posterior está sen traballar, para apegala a un monumento funerario; abaixo está sen traballar, para espetala no chan.

Na parte superior albíscase unha lúa crecente sobre tres arcos (que se poden interpretar como as portas do Hades), e debaixo da inscrición intermedia, a figura dun home espido rudamente executada, en relevo plano, coas mans apoiadas nas cadeiras e os órganos sexuais masculinos moi destacados (para F. Acuña e R. Casal tamén podería ser un puñal de antenas). A representación do rostro é moi sumaria, de forma circular, con dous puntos que indican os ollos; o tórax cadrado; pernas e pés desproporcionados; pés vistos de perfil cara á dereita (Acuña Castroviejo / Casal García; 1981: 276).

Este tipo de estelas son as preferidas pola poboación indíxena, a galaico-romana, e adoitan aparecer en áreas rurais, fronte ás placas, que proceden de ambientes máis romanizados (Pereira Menaut; 1991: 121 e 224).

A inscrición está moi desgastada, pero soamente faltan letras na primeira e na segunda liñas:

DI[is] M[anibus] S[acrum]
P[osuit] M[ater?]-
NA MA-
XIMO A-
NNORU-
M LIII




Estela funeraria de San Cosme de Antes (nº 44 do CIRG-I)

“Ós deuses Manes. Materna (?) a Máximo, de 53 anos”, é a posible tradución do texto. A estela está dedicada a un personaxe masculino, Máximo (morto ós 53 anos), quizais por unha dedicante chamada Materna. *Maternus-a* é un dos cognomes latinos máis espallados na península Ibérica.


Os **cinco primeiros epígrafes** caracterízanse pola súa **marcada romanidade e índole culta**, tanto pola súa forma –Pérez Losada (2002: 295) di que merece salientarse **o frontón**, revelador da existencia dun mausoleo funerario-, como pola onomástica dos defuntos e dos dedicantes, sempre latina: polo tanto, todos son cidadáns romanos ou latinos, entre os que cómpre destacar polo menos dous escravos libertos –Marco Sempronio Agatón e Valerio Daducho- de orixe grega, polos seus cognomes. O único indicador posible de indixenismo é a dedicada ó deus Coso (tamén o da estela de San Cosme, pero esta xa queda fóra do núcleo brandomilés).

Como xa se dixo, todos estes datos fan supoñer un núcleo de poboación **alleo á Gallaecia**. A **índole viaria** do asentamento, intuída pola ara dedicada ós Lares Viales, confirmase co miliario romano identificado en 1992 (Caamaño Gesto / Naveiro López; 1992: 208).



A intervención arqueolóxica 2007-2008 (Proxecto Internacional Vías Atlánticas)

Baixo a dirección do arqueólogo Juan Naveiro López e co patrocinio da Deputación da Coruña, do 20-11-2007 ó 18-01-2008 levouse a cabo a primeira intervención arqueolóxica oficial en Brandomil. No chamado **Proxecto Internacional Vías Atlánticas** participaron varias institucións e administracións locais (as deputacións galegas, cámaras municipais portuguesas) e científicas (CSIC, Universidade de Santiago, Universidade do Minho). Só se levou a cabo a primeira fase, pois, incomprensiblemente, a Deputación da Coruña non tramitou a segunda fase do proxecto internacional e abandonou os outros socios (as outras deputación provinciais, as universidades e as outras entidades portuguesas).



1. O corte estratigráfico no camiño de Trapeso (Brandomil)

Como se abrira por alí unha pista, a intervención arqueolóxica de Naveiro tivo lugar no chamado **camiño de Trapeso**, situado na zona NE do lugar de Brandomil. Este camiño –que ó longo de 100 m pasa por un aterrazamento sobre unha ladeira de marcada pendente- discorre paralelo ó curso do río Xallas pola súa beira dereita e hipoteticamente segue a dirección NE que tomaba a vía XX cara a *Brigantium*. A terraza formouse polos arrastres de terra que sedimentaron contra os antigos muros romanos que de maneira graduada se asomaban sobre o val fluvial. O primitivo camiño pasaba sobre os mesmos muros, aínda hoxe visibles, pero a terra seguiu acumulándose sobre outra

terrace superior, igualmente sostida por muros romanos; esta foi a que cortou a pista actual, e onde se fixeron os traballos arqueolóxicos (Naveiro; 2008: 4). O arqueólogo tamén elaborou un completo Catálogo de Fichas das pezas arqueolóxicas dispersas nas casas brandomilesas.

Os traballos arqueolóxicos de Naveiro marcan un antes e un despois na consideración do Brandomil romano. Ata aquel momento, nos traballos máis recentes, o xacemento non pasaba de ser “un pequeno aglomerado secundario romano” (Pérez Losada; 2002: 291 e 297), e, aínda que se barallaba o seu posible carácter de *mansio* oficial, dado o rexistro epigráfico (presenza exclusiva de cidadáns romanos e de libertos como funcionarios públicos), limitábase a súa extensión a tan só 2 ha. Os traballos de Naveiro probaron que o conxunto dos restos atopados apuntan a un asentamento moito maior, de máis de 20 ha, e a un elevado grao de romanización (comparativamente co contexto da zona). En base ós resultados da intervención arqueolóxica do 2007 o xacemento debe considerarse un asentamento único, no que se integra tamén o castro –con materiais que demostran unha ocupación sincrónica do poboamento romano- e o lugar de Pedra do Altar (Naveiro; 2002: 5).



Vista xeral do corte estratigráfico no camiño de Trapeso (Brandomil)
[Naveiro 2008]

Naveiro efectuou primeiro unha prospección intensiva e unha catalogación, observando todos os terreos de cultivo e cortes de pistas e camiños; recolléronse materiais dispersos en superficie; a través de preguntas ós veciños anotáronse referencias ó achado de restos durante obras, traballos agrícolas ou remoción de terras. Finalmente, catalogáronse en fichas independentes todos os materiais dispersos en propiedades particulares. Naveiro e o seu equipo de arqueólogos salientan a colaboración dos veciños de Brandomil para facilitar todos estes traballos.

No noiro do camiño de Trapeso, dunha altura de 3 m, efectuouse un corte vertical de aproximadamente 50 m de longo. Nunha das catas deste corte, nun nivel entre 0,20 e 0,50 m, atopáronse entullos de construcións romanas, con pedras, tellas e argamasas, entre as que se aprecian importantes niveis de incendio (que seica fora a causa das destrución das edificacións). Por non dispoñeren da autorización pertinente dos donos, os arqueólogos quedaron coa gana de saber qué era unha estrutura rectangular de máis de 400 m de longo detectada pola fotografía aérea.

Con todo, no conxunto do corte de Trapeso sobresaen perpendicularmente, polo menos, catro muros que delimitan cinco dependencias ou estancias, das que só estaría tellada unha (a 1); polo menos dúas delas estarían a ceo aberto (a 3 a a 4). O muro da porta, que divide a estancia 5, presenta no seu extremo leste unha gran laxe que semella dar saída a algún tipo de condución de

auga. Tamén quedan restos dos seus pavimentos, nalgúns casos feitos a base de anacos de tégula sobre un preparado de cascallo de cuarzo.

Algo afastada cara ó NE aparece a fronte doutra dependencia, a 6, de 3 m de lado. Nela atopouse un pé de muíño de man que quizais se reutilizou como base dunha columna de madeira ou de pedra. Mais o dato máis relevante foi o achado nesta estancia dunha ara votiva no borde do asfaltado, golpeada polas máquinas; tiña o baseamento nunha caixa de sustentación, formada por tres chantas e o propio muro.

2. Restos doutras estruturas construtivas romanas noutros lugares da parroquia

Detectáronse máis restos construtivos romanos, directamente, mediante a prospección intensiva ou por referencias orais.

No primeiro caso están as estruturas da parcela nº 522, fronte á igrexa e ó outro lado da estrada: nun noiro de forte pendente cara ó río sobresaen tres muros de cachotería de grosor regular (45-55 cms), separados uns 3 m entre eles; a partir do terceiro vese un pavimento semellante a algún do camiño de Trapeso.

A presenza de máis construcións antigas debaixo das casas, cabanotes, cortes, eiras e hortas do propio lugar de Brandomil é unha evidencia. Constátase ademais que o nivel arqueolóxico está a pouca profundidade, sexan niveis de derruba ou mesmo estruturas construtivas.

Queda, finalmente, a estrutura coñecida como **A Pedra do Altar**, que, por estar a unha distancia duns 625 m da estancia 6 de Trapeso –na zona SO do lugar de Brandomil, polo camiño de Padreiro–, dá idea da extensión da superficie construída neste asentamento. Como xa se dixo, a tradición oral di que aquí estivo a primitiva igrexa. Trátase dun cuarto cuadrangular, do que só coñecemos o interior, formado por un muro de fondo (de 3,30 m de longo) e dous muros transversais que conservan uns 0,30 m e 1,30 m, respectivamente, ó estaren pola caixa da estrada en sentido oblicuo. Formaba parte dunha estrutura maior que tiña continuidade cara ó NE.; o muro desta parte presenta na esquina inferior unha abertura, probablemente un paso de condución para aire quente. O pavimento é de pésima calidade.

Como parte estrutural do asentamento romano tamén se integra o castro, xa que nel se recolleron en superficie algúns fragmentos de tégula e outros restos cerámicos.



3. Os materiais

Por eles sabemos que a ocupación deste asentamento remóntase a finais do séc. I.

Recolleuse unha cantidade considerable de **cerámica**, sobre todo producións comúns romanas, utensilios de mesa e cociña. Tamén hai producións de cerámica fina, aínda que nunha porcentaxe moi baixa (bordo e fondo de pratos). No caso da *terra sigillata* identificanse formas do alto Imperio, de gran perdurabilidade (polo menos deica o séc. III d.C.). Tamén se atoparon *sigillatas* hispánicas e africanas dos séculos IV e V.

Pola súa calidade destacan unha cerámicas finas ocre moi depuradas, vasos e xerras de pequeno tamaño que lembran as producións bracarenses.

Un conxunto complexo son as cerámicas engobadas (recubertas cunha capa de arxila): pratos, cuncas, morteiros, xerras e olas de engobes vermellos, grises ou negros.

Xa con fábricas menos depuradas apareceron outras pezas de menor tamaño, como fragmentos de ánfora, xerras, morteiros e olas de cociña encadrables dentro da tradición indíxena. Como caso único podería considerarse unha ola globular, de ruda feitura, decorada cunha banda formada por cordóns paralelos con incisións oblicuas (cordados) entre os que discorre outro igual de ondulacións serpentiformes.

En resumo, todas estas cerámicas poderían encadrarse entre mediados do séc. III e principios do séc. V d.C.

Os distintos tipos de **vidros** atopáronse moi fragmentados, de aí que non se poidan identificar con certeza. Hai anacos de botellas cuadrangulares de cor azul verdosa (séculos II ó IV), anacos de vidros transparentes, máis finos cós anteriores (de cuncas ou vasos) e tamén vidros de ventás.

Atopáronse tamén **pezas metálicas** –ferros, bronces etc.-, así como tres moedas do séc. III e o entalle dun anel. As pezas de ferro poden ser chatolas –quizais restos de calzado-, e, en menor medida, cravos de pequeno tamaño utilizados en carpintería (cubertas, tabiques etc.). Destaca unha grande alcaiate en T, das empregadas para fixar *tégulas* e ladrillos, e tamén ciceis e follas de coitelo. Pola zona de Trapeso atopáronse con certa frecuencia escouras de ferro. Elementos de bronce e de chumbo foron máis ben escasos.

4. As pezas de cantería

Incluímolas nun apartado especial, pois, agás a ara atopada no camiño de Trapeso durante as escavacións, estas pezas de granito localizáronse durante os traballos de prospección.



Fragmentos de cerámica romana atopada nas escavacións de Naveiro (2007-08)¹

Ademais das numerosas pezas de muíños circulares, hai unha **importante representación de restos arquitectónicos** –bases e capiteis de diferentes tipos, fustes exentos ou apegados, cornixas e molduras- que axudan a coñecer mellor a arquitectura doméstica, e mesmo pensar na posible existencia dunha **columnata monumental**, que formaría parte dun importante edificio público. A xulgar polo tamaño dalgunhas columnas, o pórtico do que formaron parte debeu corresponder a un grande edificio público, de carácter civil ou relixioso.

O Informe das escavacións de 2007-08 de Naveiro contén un catálogo de fichas, que resumimos deste xeito:

Unha ara votiva; fragmento dunha ara votiva; fragmento dunha estela funeraria de granito; seis bases ou capiteis toscanos de granito; tres capiteis de granito; oito fustes de columnas, de granito;



Achado dunha nova ara votiva (anepigráfica) no camiño de Trapeso (Brandomil) [Naveiro 2008]

Valoración do sitio arqueolóxico de Brandomil

Á hora de facer a valoración do xacemento de Brandomil, Naveiro afirmaba no seu Informe ou Memoria de escavacións do 31/03/2008 que xa se podía facer con anterioridade á súa intervención, e de feito xa falaran da súa importancia desde finais do séc. XIX e ó longo de todo o séc. XX: Rodríguez Rodríguez (1883), López Ferreiro (1898), Barreiro Barral (1972), Millán González-Pardo (1981) e Pérez Losada (2002), pero non se pode negar que coas prospeccións e escavacións de 2007 de Naveiro López se **revalorizou** en gran medida a relevancia histórica do xacemento, que pasou de ser un “aglomerado secundario romano” de dúas hectáreas a un asentamento moito maior (de máis de 20 ha), **un dos máis importantes da provincia da Coruña**, tras a propia Coruña, Iria/Padrón e Ciadella (Naveiro, 2008).

Os **restos estruturais**, que só se reduciron ó caso da **Pedra do Altar** –que xa se descubriera en 1943-, onde se asomaban no corte da estrada dous muros de cachotería, agora engádense os do **camiño de Trapeso**, que deixou á vista uns potentes niveis arqueolóxicos, entre os que se documentan un pavimento de ladrillos, un derrubamento de cachotería de muros e de tégulas da cuberta, asociados a fragmentos de cerámica e escouras de fundición. Os dous puntos –Pedra do Altar e Trapeso, separados por máis de 600 m- dan idea da extensión que debeu ter o



Base dunha columna romana reutilizada como poio dun hórreo [foto XMLS]

asentamento.

Pola fotografía aérea tamén se descubriu unha **grande estrutura rectangular** de máis de 300 m de lado que tamén destaca na orografía do terreo; curiosamente, a súa orientación coincide coa dos muros visibles no punto próximo da Pedra do Altar.

No aspecto cultural salienta o carácter altamente **romanizado dos materiais**, especialmente os epigráficos, de feitura e grafía moi coidadas.

Nas **inscricións funerarias** salienta un **frontón triangular**, xa que implica a existencia dun monumento funerario tipo templete.

A **onomástica** (Agatón –seguramente un liberto grego-, Fabricius Saturninus –rapaz finado ós 15 anos-, Domitia Pusinca esposa finada ós 30 anos-, Valerius Daduchus) tamén revela unha **poboación moi romanizada** e, en varios casos, de **procedencia foránea**. Foron eles os primeiros veciños de Bandomil de nome coñecido.

No tocante ó **período de ocupación**, parece que foi prolongado: os vestixios romanos van do séc. I ó IV, pero o abano podería ser máis amplo.

A súa **relación coa rede viaria** –e, en concreto, coa vía XX ‘per loca marítima’– parece xa estar fóra de toda dúbida,


como o proba a existencia dun miliario e doutros pola comarca (infelizmente anepigráficos), no traxecto da vía, antes ou despois de Bandomil, e a ara dedicada ós Lares Viales. O paso do río debeu realizarse no mesmo lugar onde se atopa a chamada **Ponte Vella**, e o seu control debeu ser determinante no emprazamento do castro: un paso obrigado para comunicar as costas de Fisterra e Muxía –territorio nerio- coas Rías Baixas –*Iria*- e o Golfo Ártabro –*Brigantium*-. Seguramente houbo unha vía secundaria cara ó oeste, polo camiño de Padreiro, en dirección tamén ás minas auríferas de Vilarcovo e do Pozo Limideiro.

A existencia das **minas** foi posiblemente a causa da chegada de inmigrantes, algúns deles quizais funcionarios públicos, membros da Administración imperial.

Queda no aire unha proba definitiva que nos permita identificar Bandomil con algunha das mansións da vía XX no traxecto intermedio



Capitel romano situado na esquina NO do adro parroquial (foto XMLS)



Tipos de columnas de Bandomil, segundo as bases e/ou capitei atopados (Naveiro 2008)

entre *Aquis Celenis* (Caldas) a *Brigantium* (A Coruña): *¿Glandimiro?* *¿Ad Duos Pontes?* *¿Claudionerium?* Unhas segundas escavacións axudarían, sen dúbida, a definir este núcleo urbano romano.

Necesidade dunha 2ª fase de escavacións

Juan Naveiro considera **imprescindible** esta 2ª fase de escavacións, pois non son moitos os asentamentos romanos de carácter semiurbano que se coñecen en terras galaicas; a isto xúntase o seu **interese científico**, pois presenta unhas condicións de presentación boas, cunha boa parte de parcelas a pastos que non foron removidas en profundidade.

A posibilidade de que a destrución final fose consecuencia dun incendio xeneralizado aumenta as posibilidades de investigación, pois moitos materiais permanecen in situ (lémbrese o intacta que quedara Pompeia).

A potenciación do xacemento romano, escavando en extensión e consolidando, é **moi factible** neste momento, pois gran parte está en solo rural.

Por outra parte, o inicio destas segundas escavacións podería levar consigo –conclúe Naveiro– a creación dunha **escola-obradoiro** e dun **centro de interpretación**, que, xunto con outros valores culturais (Ponte Vella, camiño a Fisterra, paisaxes naturais etc.) serviría de foco de dinamización da zona.

Ademais, non lonxe de Brandomil tamén se atopa outro interesante sitio arqueolóxico da época romana: o **adro da igrexa de Santa Baia de Tines** (Vimianzo), parcialmente escavado en 1950-51, deixando ó descuberto unha necrópole romana sueva do séc. I ó VIII e os restos dunha *villa* romana do Baixo Imperio. A estela de Victorinus (séc. IV), primeiro testemuño epigráfico dunha comunidade cristiá en Galicia, conservada no Museo Arqueolóxico da Coruña, procede deste lugar.


A ponte vella de Brandomil

O 17 de decembro de 1989 unha enchente do río Xallas derrubou os arcos centrais da ponte vella de Brandomil. Milagrosamente mantivéronse en pé os arcos laterais, grazas a que non houbo inundacións nos anos seguintes, e aínda houbo que esperar ó verán de 1993 para que se iniciasen os traballos de restauración desta importante obra de enxeñería da antigüidade.

A ponte vella de Brandomil atópase sobre o río Xallas, nun tramo afectado pola cola do encoro da Fervenza, a poucos metros da nova ponte de formigón que foi construída en 1944 para servizo da actual estrada Santiago-Muxía. Ata ese ano esta antiga ponte prestou servizo, sendo utilizada mesmo polos autobuses: os vellos do lugar aínda lembraban que antes de 1944 os da empresa Celta pasaban por ela.

A situación desviada da ponte en relación ó lugar actual de Brandomil hai que relacionala co proceso de formación deste núcleo, inicialmente asentado sobre o castro; neste senso, a situación da ponte como paso directo cara á fortaleza castrexa era perfecta. Á entrada da ponte pola parte leste aínda se conservaba o empedrado do camiño real que a atravesaba (hoxe recuberto por causa das obras de restauración). En chegando a Brandomil o camiño bifurcábase: un ramal viraba máis cara ó



norte cara a Serramo e Vimianzo, e o outro cara ó oeste na dirección de Baíñas e Berdoias (e despois Muxía) por un trazado distinto á estrada actual (véxase a *Carta Geométrica de Galicia*, de Domingo Fontán; 1834-1845).



A ponte salva o Xallas mediante catro arcos de cantería, tres deles da mesma luz (8,20 m.) e outro, no extremo leste, de menor luz (4,30 m.). Os piares teñen grande espesor (3 m.) e contan con parteaugas que soben ata a parte superior formando apartadoiros triangulares (os apartadoiros de augas abaixo son trapezoidais); contra do que se pensaba, estes piares non tiñan unha base moi sólida: co seu derrubamento de 1989 viuse que a súa construción interna era, simplemente, unha combinación de cachotes de pequeno tamaño con terra.

Os dous arcos da marxe dereita teñen rosca, feito que, para algúns autores, ten unha importancia significativa: uns pensan que este detalle denota a existencia dunha ponte anterior máis estreita, e outros que se precisou esta dobre rosca por cadraren estes arcos na parte máis fonda do río.

O certo é que hoxe nesta fermosa ponte de Brandomil non se observa detalle arquitectónico ningún da súa posible construción durante a dominación romana, pero non hai a menor dúbida de que xa existía nesta época. Os que a investigaron a fondo afirman que a ponte “de incuestionable orixe romano” sufriu unha importante modificación contra o séc. XII (MÉRIDA HERMOSO; 1980); para S. ALVARADO e outros (1989: 214) polas súas características construtivas e formais retrotraen a fábrica actual ó séc. XVI, aínda que recoñecen que antes existiu outra ponte no mesmo lugar, citada polos mapas antigos e utilizada polos antigos viaxeiros. Nunha das bóvedas aparecían marcas medievais e nun dos espigóns ou parteaugas unha cruz enmarcada nun círculo.



Referencias históricas á ponte vella de Brandomil, paso obrigado da posible ruta xacobeá Muxía-Santiago

É evidente que a ponte vella de Brandomil foi paso obrigado cara ás terras do Occidente galego xa desde a época romana. Os arqueólogos teñen por certo que da citada vía XX ‘per loca marítima’ de Braga a Astorga saía de Brandomil un ramal, unha vía secundaria, cara ó occidente, en dirección ó Promontorium Nerium, cara ó país dos nerios.

Na época medieval, xa con anterioridade ó descubrimento da suposta tumba de Santiago en Compostela, a ponte seguía sendo paso obrigado das terras da comarca compostelá da Amaía cara ós pequenos portos occidentais. Se no que hoxe é Compostela había unha necrópole romano-sueva (no subsolo da catedral), está claro que tamén había unha poboación (quizais a mansión *Aseconia*). Cando a principios do séc. IX teña lugar a ‘*inventio*’ (‘descubrimento’) da tumba apostólica, o camiño aínda sería máis concorrido.

O testemuño máis antigo que se conserva da existencia da ponte vella de Brandomil data do ano 1286, pois é citada nunha carta de poboación da vila de Muros, na que se demarca o seu alfoz: “desde do entra el rio de Sar [Ézaro, actual Xallas], en la Mar como se va arriba, fasta la puente de Brandemir” (FERREIRA PRIEGUE; 1988-a: 141).

Malia non haber, polo menos de momento, un documento que o certifique con toda certeza,

consideramos que a ponte de Brandomil por forza tivo que ser paso obrigado dunha ruta xacobeá ou postxacobeá. Hai anos aventurabamos dúas posibilidades: a) existencia dunha ruta de peregrinos que, despois de visitaren a tumba do Apóstolo en Santiago, se dirixisen a Muxía para visitaren o santuario mariano-xacobeo da Barca e, posteriormente, continuaren cara a Fisterra. b) Unha ruta xacobeá secundaria que recollería peregrinos do norte de Europa chegados por mar ós portos de Muxía, e incluso tamén ós de Cereixo/Ponte do Porto e Camariñas. Nos dous casos, o paso pola ponte de Brandomil era obrigado.

Nese traballo, que prudentemente titulabamos “Indicios dunha posible ruta xacobeá pola Terra de Soneira” (LEMA SUÁREZ; 1990)¹ non considerabamos unha terceira possibilidade que cómpre tamén ter en conta: a de que os peregrinos que ían a Fisterra polo camiño do sur -afortunadamente recuperado duns anos a esta parte (Ponte Olveira, O Hospital, Cee e Corcubión)-, despois de visitaren tamén en Muxía o santuario mariano-xacobeo da Barca, regresasen desde esta vila a Santiago polo camiño máis curto, o máis lóxico e natural, o dos tres ‘bes’: Berdoias, Baíñas e Brandomil. É a forma máis lóxica de combinar a visita conxunta a Fisterra coa de Muxía, pois non ten sentido que os peregrinos desen desde Muxía unha volta superflua de varias millas volvendo ás terras de Cee para retomaren o mesmo camiño da ida podendo aforrar tempo e esforzo indo por Brandomil. Outro dato que non debe pasar desapercibido: na veciña igrexa parroquial de Brandoñas consérvase un retablo de pedra de principios do séc. XVIII dedicado a Santiago (hai unha escultura barroca dun Santiago cabaleiro), o que quere dicir que ou foi produto dunha devoción particular ou o templo constituía un punto de parada de peregrinos.

Foi unha mágoa que cando se recuperou o Camiño a Fisterra e a Muxía hai uns anos non se pensase en que o lóxico camiño de volta era o que acabamos de citar. Aínda estamos a tempo de reivindicalo agora.

O estudo máis completo sobre os camiños medievais, o de E. FERREIRA PRIEGUE (1988-a) fala dun camiño vello que saía de Brandomil cara ó noroeste que, “pasando por Baíñas, iba derecho a Ponte do Porto y Muxía”. Engade que, por estar flanqueado por moitas mámoas, tiña que ser de moita antigüidade.

Aínda que Elisa Ferreira, a principal estudosa dos camiños medievais, non cita ningún documento que testemuñe que este camiño era frecuentado por peregrinos xacobeos, non cabe dúbida de que era utilizado. Hai os testemuños de peregrinos estranxeiros, coma o de Nicolás de Popielovo, que afirmaba que o 22 de xullo de 1484 saía de Santiago en dirección ó santuario da Barca de Muxía; revela que fixo a cabalo doce millas alemás; é dicir: arredor de 90 km, dado que a milla alemá anda polos 7.532 m (pouco máis da distancia actual por estrada, que anda preto dos 80 km).

Cen anos máis tarde, entre 1580-1584, outro viaxeiro nórdico, o polaco Erich Lassota de Steblov, relata que, despois de desembarcar co seu séquito en *Munxía* (sic) e visitar o santuario da Barca, dirixiuse a *Finis Terrae* (sic) por un camiño costeiro (por Morquintián, Loalo, Canosa...) estimado polo viaxeiro en tres millas (24 km). Despois da visita a Fisterra o propósito era peregrinar a Santiago, e para iso o séquito vai por Corcubión e Cee (*Cea*), desde onde os peregrinos soben “por una alta montaña chamada Cabral”. Máis adiante, en vez de se dirixiren en dirección leste cara á Ponte Olveira e atravesar o Xallas por ela, equivócanse e toman un camiño cara ó norte que os leva á aldea de *Urbilido* [O Orbellido], e un pouco despois atravesan un “pequeno río” (o Xallas) pola

¹ Nunha publicación máis recente repetíamos en boa parte as anteriores suposicións (LEMA SUÁREZ / LÓPEZ AÑÓN; 2011: 29 e 43).

ponte de *Braudomil* (sic). A confusión quizais estivo en que pensaron que Ponte Olveira pertencía á parroquia de San Martiño de Olveira –situada máis ó norte- e non á de Santiago de Olveiroa, como así é.

Segundo ALVARADO e outros (1989: 240) dan por certo que por Bandomil pasaban os peregrinos que desembarcaban nos portos de Muxía e Fisterra en dirección a Santiago. Baséanse no citado testemuño de Erich Lassota e tamén nos repertorios de camiños realizados por Villuga en 1546 e por Alonso de Meneses en 1676. URGORRI CASADO (1969-70) tamén opina que o itinerario xacobeo ós portos da Costa da Morte era o que pasaba pola ponte de Bandomil.


Non obstante, a Elisa Ferreira, no seu libro *Galicia en el comercio marítimo medieval* (1988-b), non lle consta que os barcos fíxesen desembarque de peregrinos nos pequenos portos da costa do Arco Fisterrán; o porto principal de desembarque e de embarque xacobeo seguía sendo o da Coruña.

“Las menciones a entradas por Noya y Muros y –más improbables aún- por Muxía y Camariñas, hechas por historiadores del pasado y transmitidas sin apoyo crítico, no han encontrado de momento confirmación” (FERREIRA PRIEGUE; 1988-b: 531).


Para ela a presenza ocasional de buques mercantís ingleses nestes portos debíase unicamente a escalas técnicas ou arribadas forzosas. Con todo e iso, está probado que pequenos portos desta nosa costa mantiveron contactos comerciais con outros portos europeos, tan importantes coma Le Havre ou Venecia, que por algo Corcubión cambiou de patrón a finais da Idade Media e substituíu santo André por san Marcos, cando chegou por mar de Venecia a imaxe de san Marcos da Cadeira.

A finais do séc. XVIII, o ilustrado José Cornide, no seu informe sobre os camiños de Galicia, fala do que, procedente de Santiago, se bifurcaba á saída de Negreira en dous ramais: un á esquerda cara a Muros e Corcubión e o outro “por la derecha que ba al puerto de *Mongia* y Ría de Camariñas”. Este último ramal era o que se dirixía por Ordoeste e A Pereira á ponte de Bandomil, e de alí por Baíñas a Ozón, Moraimo e Muxía. “El puente de Bandomil está bien fabricado, pero en Baíñas se necesita otro que costará 60 rs”.


Casi contemporáneo a Cornide é outro ilustrado, o ferrolán José Lucas Labrada, que na súa *Descripción económica del Reyno de Galicia* de 1804, fala do camiño da Coruña a Muros, “pasando por un pueblo que los mismos romanos llamaron *Claudionerium*, el cual ha existido cerca de la parroquia de Zas en la jurisdicción de Soneira, desde cuyo punto partía otro a Pontevedra, que pasaba por el Padrón” (LUCAS LABRADA; 1971: 156). Ese *Claudionerium* – para outros *Grandimirum*- é Bandomil.



No tocante ás **referencias cartográficas**, a ponte de Brandomil figura con caracteres moi destacados como paso importante que foi desde tempos inmemoriais nos mapas de Galicia de F. Fer. Ojea (*Descripción del Reyno de Galizia*; Anveres1598), no *Gallaecia Regnum* (1600), no *Reyno de Galicia y de León* (1600), no de *Gallicia, Legio, et Asturias de Oviedo* (1606), no de *Galecia: Descriptio Gallaecia et Asturie in Hispania* (1606), no de *Gallicia* (1632), no de *Gallaecia Regnum* (1634) de F. Fer. Ojea, no de *Il Regno di Galicia* (1696) do italiano Giacomo Cantelli da Vignola, no do *Royaume de Galice: Province d'Espagne* (1705) do francés N. de Fer etc. etc. E, como non, no ben coñecido *Mapa Geographico del Reyno de Galicia* (1784) de Tomás López e na *Carta Geométrica de Galicia* (1834-1845) de Domingo Fontán. Finalmente, nun estudo de 1999 da E.T.S. de Enxeñeiros de Camiños, dirixidos por Carlos Nárdiz, Juan Creus e Alberto Varela, descríbese o antigo Camiño de Santiago a Muxía por Brandomil (NÁRDIZ et alii; 1999: 107- 120).



Mapa de Urgorri Casado (1969-70) no que se reconstrúe o itinerario de Erich Lassota de Steblovo (1580-84)
(ampliabile no apartado de descargas)



X.M^a Lema (1990): *Indicios dunha posible ruta xacobeá pola Terra de Soneira.*
(ampliable no apartado de descargas)



A Ponte Vella de Brandomil nos anos '70 (foto Ramiro Rodríguez)



A Ponte Vella entre 1979-80 (foto XMLS)



A Ponte Vella pouco antes das inundacións de 1989 [foto XMLS]



Vista de Brandomil despois de que as inundacións de decembro de 1989 derrubasen o arco central da Ponte Vella [foto XMLS]



Estado da ponte tras as inundacións de 1989 [foto XMLS]



O aparello dun dos machóns centrais da Ponte Vella ó descuberto, despois das inundacións (1989) [foto XMLS]



Obras de restauración da Ponte Vella (1993) [foto XMLS]



A Ponte Vella no remate da restauración (1994) [foto EDR]



A Ponte Vella, na actualidade, lado norte [foto XMLS]



A Ponte Vella na actualidade, lado sur [foto XMLS]

A igrexa parroquial de San Pedro

Situada no propio lugar de Brandomil, confundíndose entre as súas casas. Ergueuse ó pé do antigo castro, pola súa parte norte.. Presenta a orientación tradicional: cabeceira cara ó leste e fachada cara ó oeste.

Certamente, este templo non ten moito interese artístico: a súa estrutura é a típica da segunda metade do séc. XVIII: planta de salón cunha nave rectangular e un presbiterio cuadrangular, ó que se lle engadiu posteriormente unha pequena sancristía. En alzado, o presbiterio, cuberto cun tellado a catro augas, sobresaen notoriamente en altura. As paredes están recebadas e caleadas, a excepción de boa parte das do presbiterio e a fachada, que son de cantería á vista.

A fachada é de gran sinxeleza. No eixe imaxinario que pasa polo centro, de abaixo a arriba, vemos: a porta principal, rematada nun arco alintelado; un nicho rematado nunha forma de vieira que acubilla unha imaxe pétreo de san Pedro (quizais barroca, do séc. XVIII); unha ventá rectangular e unha espadana de dous arquiños, baixo os cales se sitúa cadansúa campá. As obras da fachada e da espadana quizais se realizasen a finais do séc. XVIII ou nos primeiros anos do XIX.

O interior da igrexa non presenta nada sobresaliente desde o punto de vista arquitectónico: unicamente a arcada triunfal que comunica a nave co presbiterio, obra de finais do séc. XVIII. Non se conserva retablo ningún, e as imaxes do patrón san Pedro, de san Paulo, de san Roque, a Inmaculada, entre outras, colocáronse sobre peañas adosadas ó altar maior e ós laterais.



San Pedro da fachada
(séc. XVIII)



Inmaculada
(séc. XVIII)

No cemiterio parroquial hai **un cruceiro** que antes estaba á beira da estrada xeral. Sobre un capitel con volutas e cabezas de querubíns érguese unha cruz cun Cristo crucificado con tres cravos (lado norte) que chama a atención polo tamaño desmesurado da súa cabeza e do seu tórax con relación ó resto do corpo; polo lado sur, unha Inmaculada moi semellante á do cruceiro do Couto (Muíño): sobre a lúa e un querubín. Malia a súa feitura non moi lograda, o dramatismo na disposición do

corpo de Cristo e o xogo de luces e sombras nas vestiduras da Virxe lévanos a pensar que se trate dunha obra de estilo barroco do séc. XVIII.



Os veciños e os oficios de Brandomil en 1753

O 19 de xaneiro de 1753 o subdelegado Pedro Alonso de Arredondo reunía en Nantón os cregos e mordomos pedáneos de todas as parroquias da **xurisdición señorial de Soneira** (Canduas, Borneiro, Anos, Nantón, San Cremento, Zas, Muíño e Brandomil) para tomar os datos correspondentes do que logo será coñecido como *Catastro de Ensenada*.

No tocante a Brandomil, dos **62 veciños** que se contabilizaron, 55 eran labregos ou xornaleiros. Había **105 casas habitadas e 7 en arrendamento**, e máis unha única taberna (arrendada), propiedade de Domingo Miranda, que declarou que gañaba polo seu oficio de taberneiro ó ano uns 700 réas. Alternando na maior parte das veces coa agricultura, varios veciños tamén desempeñaban outros oficios: o taberneiro xa citado tamén era estanqueiro (xunto con outro chamado Roque Martínez); había tres arrieiros temporais (Christóbal Espasandín, Canuto Casais e Gregorio Fidalgo: o primeiro tiña tres cabalerías e gañaba 144 réas ó ano por este oficio; os outros dous tiñan dúas cabalerías cada un deles, e gañaban 96 réas); un tecedor (Juan García), que gañaba dous réas ó día sen mantenza; un mestre zapateiro (Alberto Becerra), que gañaba 4 réas "o día que traballaba" (os seus oficiais gañaban 2 réas coa comida e 3 sen ela); tamén consta unha costureira (Dionisia Regueira).

Había na freguesía un escribán, Domingo Trillo Soneira, que por este traballo percibía ó ano uns 800 réas de vellón. O mordomo pedáneo era o labrego Joseph de Oreiro. Contabilizábanse tamén cinco "pobres de solemnidade": catro mulleres viúvas ou solteiras (Jacinta de Oreiro, Josepha do Campo, Phelipa de Pazos, Susana de Oreiro) e un home (Alverto Maroñas).

(NOTA: respectamos a ortografía vacilante da época nos nomes)

Valentín Ramos, un veciño de Brandomil no campo de concentración nazi de Mauthausen (Austria), en 1941

Valentín Ramos González naceu en Brandomil en 1899 ou 1900, na casa de Ramos. Casou o 27 de abril de 1927. Residía en Madrid cando en 1936 estalou a Guerra Civil española e, loxicamente, loitou no bando republicano. Cando rematou a guerra coa derrota da República fuxiu a Francia para evitar a represión que se aveciñaba por parte dos vencedores. As súas desventuras continuaron no país veciño, pois en 1939 vai estalar a Segunda Guerra mundial, que trae como consecuencia a ocupación do territorio francés polas tropas alemás. Como outros moitos republicanos españois tomou parte activa nesta nova guerra facéndolle fronte á invasión das tropas de Hitler ó lado da resistencia francesa, pero moi axiña, en xuño de 1940, foi feito prisioneiro na localidade de Epinal (nos montes Vosgos -no NE. de Francia-, non lonxe da fronteira alemá, polo que é de supoñer que estaba na primeira liña de fogo), e trasladado máis tarde o 25 de xaneiro de 1941 ó tristemente famoso campo de concentración de Mauthausen, en Austria, onde morrería o 9 de setembro do mesmo ano, quen sabe de que xeito e despois de que tipo de sufrimentos e torturas.

Moitos anos despois de rematada a guerra, en 1985, o seu fillo recibiría na súa casa de Padreiro, dous certificados -un en francés e o outro en castelán-, que máis ou menos veñen a dicir o mesmo:

1) "ATTESTATION:

Le Chef du Bureau des Déportés e Status Divers certifie que: D'après les renseignements en sa possession, Monsieur Ramos-Gonzalez, Valentín né le 1^o mai 1899 ou le 1^o mai 1900 en Brandomil-Zas (La Coruna-Espagne), a été capturé le 19 de juin 1940 á Epinal (Vosges), a été interné aux Stalags VIII/C et XII/D matricule 55.618, transféré au champ de Mauthausen le 22 janvier 1941 ou il est décédé le 9 septembre 1941.

Le Chef du Bureau des Déportés et des Status Divers".

2) "El Servicio de Estadísticas y Ficheros de la Federación Española de Deportados e Internados Políticos, certifica que según los documentos que posee su servicio:

Ramos González, Valentín, nacido el 1^o de Mayo de 1899 en Bardomil (Coruna).

Prisionero de Guerra en el Stalag VIII C. N.º. 55618.

Deportado en el campo de Mauthausen (Austria), el 25 de Enero de 1941- N.º 3574.

Fallecido en el mismo campo el día 9 de Septiembre de 1941.

Senas de sus familiares a su ingreso en el campo de Mauthausen.

Esposa: Maria Alvite.

Dirección: Bardomil (Coruna).

Hecho en París, el 28 de Febrero de 1985. Por el FEDIP: El Presidente".



Prisioneiros no campo de concentración nazi de Dachau (Múnic) [foto de Pablo Sanmartín, 2015]

O caso desde fillo de Brandomil que loitou pola liberdade contra a barbarie e a opresión que ameazaron Europa é unha pequena homenaxe a tantos outros heroes anónimos que ó longo da Historia tamén puideron ter actuacións decisivas para mudar o seu rumbo, pero por desgraza nunca se soubo dos seus actos. A historia case sempre a escriben os vencedores, quedando os vencidos no anonimato total: se en España tivesen gañado a guerra "os outros", seguramente homes coma Valentín Ramos estarían entre os heroes máis sobranceiros e no seu concello natal se lle rendería cumprida homenaxe.



Recibimento dos prisioneiros do campo de concentración de Mathausen ó exército aliado que os liberou; repárese na pancarta dos prisioneiros republicanos españois
https://www.diagonalperiodico.net/sites/default/files/styles/pantalla_comp/public/foto/original/553fb4c20be02.img?itok=-bAxh80

A parroquia na literatura: o valente guerreiro Brandomil dos poemas de Pondal

A especial sonoridade do nome da parroquia serviu para inspirar o gran poeta Eduardo Pondal (1835-1917), que personificou este topónimo transformándoo literariamente nun esforzado e valente guerreiro celta, defensor do territorio fronte ós invasores romanos. Pondal tiña por certo que este nome de lugar era inequivocamente celta. Outros topónimos da beira do Xallas tamén transformados polo poeta en guerreiros celtas foron Brandoñas (*Brandoñas o forte*) e Maroñas (*intrépida virxe guerreira, das fillas dos nobres celtas/ a máis valente en verdá*).

Na épica pondaliana, o heroe Brandomil caería morto no desigual combate fronte ó "esquivo romano", e tería a súa monumental tumba na Arca da Piosa, construída con ciclópeas lousas. Así cantou o bardo a Brandomil:

[*Á HORA EN QUE O DOCE LUCEIRO*]

*Á hora en que o doce luceiro
coménzase a fundir,
as ben cornudas cabras montesías
levando diante de si,
o pastor celta Temunde
volvía ó doce redil;
só, cantando pola gandra
de Xallas, de uces nutriz,
e estremecendo a vaga soedade,
seu cantar dicía así:*

*--Arca antiga da Piosa,
o vento que é triste oír
funga nas esquivas uces,
que están ó redor de ti;
e pasa entre elas bruando
con un dorido xemir:
debaixo das tías antes
está o valente **Brandomil**;
non o olvido, mais nos brazos
do eterno e doce dormir:
ten ó seu lado dereito
o helmo dourado e xentil,
o escudo e a dura lanza
onde o sol soía ferir,
e con pracer os celtas contemplaban
de Xallas no ermo confin.*

*¡Ouh!, valente fillo de Ogas
e da doce e nobre Eiriz,
para sempre quedará
longa memoria de ti:*



Recreación da loita contra os romanos do valente Brandomil, Brandoñas o forte e da intrépida guerreira Maroñas (*Lúa Nova* 5º, Ed. Anaya, 1980).

*e cando o fillo dos celtas,
no tempo que está por vir,
pensativo camiñante
pase quizais por aquí;
cando no tempo en que xía
se vexa a lúa lucir,
dirá ó verte desde lonxe:
--O valente **Brandomil**,
saído da xentil e boa raza
dos celtas, repousa alí.*

(E. PONDAL.- **Queixumes dos pinos**; 1886).

Para Pondal este imaxinario heroe tivo unha importancia comparable á do propio Breogán, o mítico fundador da patria galega. Déixao ben claro cando escribe o epitafio que lle gustaría para a súa propia tumba, cuberta por un sinxelo dolmen:

*Xaz aquí
o nobre e celebrado
cantor de Breogán e Brandomil.*

Principais festas da parroquia.- O patrón, San Pedro e San Paulo (29 de xuño), e o Sacramento, ó día seguinte. Outras festas: San Antonio (segundo domingo de xuño) e San Miguel (29 de setembro).

Inventario dos bens do Patrimonio de Brandomil (segundo o PXOM)

Arquitectura e etnografía	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial de San Pedro	6.- Xacemento romano-medieval e necrópole de Brandomil
2.- Cruceiro no Igrexario	7.- Castro de Brandomil
3.- Cruceiro no Confurco	8.- Castro de Acalabanda
4.- Ponte de Brandomil	9.- Pozo de Limideiro
5.- Casa en Brandomil	10.- Mámoa do Confurco (Limideiro)
	11.- Mámoa N ^o 1 da Costa de Limideiro
	12.- Mámoa N ^o 2 da Costa de Limideiro
	13.- Túmulo de Castro de Atrás

Bibliografía

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. e R. CASAL GARCÍA (1981): “La estela funeraria de Antes (A Coruña)”, en *Brigantium* 2, A Coruña.
- ALVARADO BLANCO, S., e outros (1989): *Pontes históricas de Galicia*; Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos/Xunta de Galicia.
- BARREIRO BARRAL, J. (1972): “Por terras de Céltigos: Grandimirum o Brandomil”, *La Voz de Galicia*, 7/XI/1972.
- C[AAMAÑO] G[ESTO], X.-M.: voz “Grandimiro”, *Gran Enciclopedia Gallega [GEG]*, tomo 16.
- CAAMAÑO GESTO, J.M.e J. NAVEIRO LÓPEZ (1992): “Aportaciones al estudio de la red viaria romana de la provincia de La Coruña”, en *Finis Terrae. Estudios en lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil*; Facultade de Xeografía e Historia, Departamento de Historia I; Univ. de Santiago.
- CABEZA QUILES, F. (2014): *A toponimia celta en Galicia*; Ed. Toxos Outos; Noia
- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueolóxica del Ayuntamiento de Zas”, in *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- ESTEFANÍA ÁLVAREZ, M^a D. (1960): *Vías romanas de Galicia*; Zephyrus, XI.
- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988-a): *Los caminos medievales de Galicia*; Boletín Auriense, Anexo 9; Ourense.
- FERREIRA PRIEGUE, E. (1988-b): *Galicia en el comercio marítimo medieval*; Fundación Barrié de La Maza; A Coruña.
- FRANCO MASIDE, R. M^a (2001): “La vía *per loca maritima*: un estudio sobre vías romanas en la mitad noroccidental de Galicia”, en *Gallaecia* 20; Santiago de Compostela.
- LABRADA; J. Lucas (1804): *Descripción económica del Reyno de Galicia*; Ferrol.
- LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da Morte; Vimianzo.
- LEMA SUÁREZ, X. M^a (1990): “Indicios dunha posible ruta xacobeá pola Terra de Soneira”, en *Compostellanum* vol. XXXV, núm. 3-4; Santiago de Compostela.
- LEMASUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) et alii [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- LÓPEZ FERREIRO, A. (1898-1911): *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago*; vol. I (1898); Santiago (reed. facsimilar de Ed. Sálvora; Santiago, 1983).
- MARTÍNEZ LEMA, P. (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*; USC, Santiago.
- MÉRIDA HERMOSO, F. (1980): “Puentes de la Provincia de La Coruña”; *Revista de Obras Públicas*, nov. De 1980.
- MORALEJO LASO, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa*; Pico Sacro, Santiago.
- NÁRDIZ ORTIZ, C. e J. CREUS ANDRADE, A. VARELA GARCÍA (1999): *Cartografía histórica de los caminos de Santiago en la provincia de A Coruña*; Deputación Provincial da Coruña.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. (2008): *Informe final valorativo da Intervención arqueolóxica en Brandomil (20/11/2007-18/01/2008)*. Proxecto Internacional Vías Atlánticas, Interra IIIA (inéxito).
- PEREIRA MENAUT, G. (1991): *Corpus de inscricións romanas de Galicia. I: provincia da Coruña*; Consello da Cultura Galega, Santiago.
- PÉREZ LOSADA, F. (2002): “Entre a cidade e a aldea: estudo arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia”; *Brigantium* 13; A Coruña.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, P. (1883): “Grandimirum”, *Galicia Diplomática II*, nº 18.
- URGORRI CASADO, F. (1969-70) : “Puentes y caminos de en la provincia de La Coruña”, *Revista del Instituto José Cornide*, anos V e VI, A Coruña.